



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2026/G010/000001. PLENO SESIÓN ORDINARIA 15 DE XANEIRO DE 2026.

ACTA N° 2026/1

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 15 de xaneiro de 2026

Hora de comezo: 21.00 horas

Hora de remate: 22.14 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)

REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO

ALFREDO SOUTO CASTELO

ISOLINA SUAREZ MILLAN

MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

JOSE LUIS RAMOS BARREIRO

EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)

JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

XOÁN ANTÓN LOUZA O RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito

DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1. EXPEDIENTE 2025/X999/000077. Aprobación facturas suministro de auga potable ano 2023. Resolución recurso de reposición.

II PARTE DE CONTROL

2 EXPEDIENTE 2026/G006/000002. Decretos da Alcaldía ditados entre o 5 de decembro de 2025 e o 11 de xaneiro de 2026. Toma de razón.

3 Mocións.

3.1 Moción Grupo Municipal BNG de apoio ás persoas que aleguen ao requirimento de persoa interesada no expediente do proxecto de Cobre San Rafael.

4 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. EXPEDIENTE 2025/X999/000077. APROBACIÓN FACTURAS SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE AÑO 2023. RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN.

O Sr. alcalde manifesta que a proposta é a desestimación do recurso de reposición interposto por D. Roberto Castro Rocamonde contra o acordo plenario de 13 de novembro de 2025 de convalidación da omisión interventora, EXPEDIENTE 2025/X999/000077 relativo á aprobación de facturas de subministro de auga potable ano 2023 ao abeiro do exposto no informe de secretaría-intervención de 12 de xaneiro de 2026, de acordo coa seguinte proposta que consta no expediente:

Visto o informe emitido pola secretaría-intervención o 12 de xaneiro de 2026 co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

1.- *Providencia de alcaldía de 22 de outubro de 2025 iniciando o expediente e solicitando informe de secretaría-intervención sobre o procedemento a seguir para a aprobación das facturas relativas á subministración de auga mediante camións cisterna, destinadas a paliar situacións puntuais de falta de abastecemento no municipio nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023.*

2.- *Informe de secretaría-intervención de 23 de outubro de 2025, solicitando informe xustificativo do órgano xestor do expediente para a tramitación do procedemento de resolución da omisión da función interventora.*

3.- *Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado pola Alcaldía o día 24 de outubro de 2025.*

4.- *Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 27 de outubro de 2025, co contido previsto no art. 28 do RD 424/2017.*

5.- *Acordo plenario de data 13 de novembro de 2025 onde por se acordou por maioría absoluta, por sete votos a favor, unha abstención e tres votos en contra:*

.../... PRIMEIRO. Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións e recoñecer as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, tendo en conta o contido referido no informe de Alcaldía de 23 de outubro de 2025, por importe total de 92.331,73 €, relativas á subministración de auga mediante camións cisterna, destinadas a paliar situacións puntuais de falta de abastecemento no municipio nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023.

SEGUNDO. Continuar co procedemento e co resto de actuacións que, se é necesario, procedan, para que se poida aprobar o recoñecemento das obrigacións correspondentes mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos (REC)."

- Recurso potestivo de reposición contra o acordo plenario de convalidación da omisión da función interventora, presentado por Roberto Castro Rocamonde, con entrada no Rexistro do Concello nº 202599900000811 de 15 de decembro de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Lexitimación do recorrente para impugnar o acordo Plenario.

Conforme ao disposto no art. 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo con todo interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. Para estes efectos, poñen fin á vía administrativa as resolucións tanto do pleno da corporación, dos alcaldes ou presidentes e das correspondentes xuntas de goberno, salvo nos casos excepcionais en que unha lei sectorial requira a aprobación ulterior da Administración do Estado ou da comunidade autónoma respectiva, ou cando cumpra recurso ante calquera destas.

Este interese do concelleiro deriva do seu mandato representativo obtido mediante a correspondente elección articulada a través do sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Non se trata dunha lexitimación baseada nun interese abstracto na legalidade, senón dunha lexitimación directamente derivada da condición de representante popular que ostentan os concelleiros dun Concello e que se traduce nun interese concreto -inclusive pode falarse dunha obrigación- de controlar o seu correcto funcionamento, como único medio, á súa vez, de conseguir a satisfacción das necesidades e



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

aspiracións da comunidade veciñal que, como primeira competencia, asigna aos municipios o art. 25.1 LRBRL.

En definitiva, o TC considera que calquera membro da corporación está lexitimado para impugnar a actuación da entidade local á que pertence, polo interese concreto que ostenta no correcto funcionamento da devandita corporación en virtude do seu mandato representativo, estando lexitimados para impugnar calquera actos ou acordos, xa de órganos unipersoais, xa de órganos colexiados, formen parte ou non do mesmo, a non ser que, tratándose do acto dun órgano colexiado, non votase en contra da súa aprobación. Dita condición -votar en contra do acordo-, actúa como orzamento procesual necesario para que o concelleiro ostente lexitimación para recorrer o mesmo. É requisito imprescindible, por tanto, que o membro do órgano asista á sesión e manifieste o seu voto en contra do acordo impugnado, a efectos de que na acta quede reflectida dita circunstancia e poida constatare posteriormente o orzamento procesual no que se fundamenta este suposto de lexitimación.

O referido anteriormente, produciuse xa que a persoa recorrente, votou en contra da aprobación do citado acordo de convalidación da omisión interventora que da lugar ao recurso presentado.

Segundo. Prazo de impugnación e resolución.

O prazo para a interposición do recurso de reposición é dun mes conforme ao preceptuado no artigo 124.1 da Lei 39/2015; se ben o seu cómputo debe comezar dende que tivo efectivo coñecemento do acordo adoptado, sendo no presente caso dentro do referido prazo.

Á súa vez, o prazo que ten O Concello para resolver e notificar dita resolución é dun mes a partir da súa presentación, conforme o previsto no artigo 124.2 da Lei 39/2015, citada.

De conformidade co artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o sentido do silencio será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións.

A desestimación por silencio administrativo ten os sós efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.

Na resolución do recurso, estimarase en todo ou en parte ou desestimarase as pretensións formuladas no mesmo ou declararase a súa inadmisión.

Cando existindo vicio de forma non se estime procedente resolver sobre o fondo ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente poida acordarse a convalidación de actuacións polo órgano competente para iso.

A resolución do recurso notificarase ao interesado. Se a Administración non notificase a súa decisión no prazo dun mes, o interesado poderá considerar desestimada a súa reclamación ao efecto de formular o correspondente recurso contencioso-administrativo.

Se ben tal e como establece o artigo 21.1 da Lei 39/2015 a Administración está obrigada a dictar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

No recurso presentado, a persoa que o subscribe, solicita a estimación do recurso de reposición e a anulación do acordo Plenario de data 13 de Novembro de 2025, relativo ó EXPEDIENTE 2025/X999/000077 Aprobación facturas subministro de auga potable ano 2023. Convalidación da función da omisión interventora, deixando sen efecto todas as súas consecuencias.

A persoa recorrente na súa exposición afirma:

1. Que no informe de Intervención solicítase un "Informe de alcaldía que xustifique que as prestacións se levaron a cabo efectivamente e de que o seu prezo se axusta ao prezo de mercado, para o que se terán en conta as valoracións e xustificantes achegados polo órgano xestor, que haberá de solicitar os asesoramentos ou informes técnicos que resulten precisos".

O informe de alcaldía non aclara os aspectos sinalados por Intervención nas condicións en que esta solicita o informe e indica que “ante a situación de seca nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023, derivado tamén dos incrementos de consumos durante o período e o descenso de nivel de reservas de auga para poder realizar o subministro de auga potable consta a comunicación vía correo electrónico por parte da concesionaria Espina y Delfín, S.L. poñendo en coñecemento do concello esta situación; [] como se viña facendo durante os anos anteriores...” o informe de Alcaldía tamén refire ó Informe emitido pola Asesoría da Deputación da Coruña que indica “la responsabilidad del coste generado por la necesidad de suministrar agua con camiones diferirá en función del hecho que la ocasione, por lo que, antes de analizar cualquier otra cuestión, es preciso determinar la causa objetiva que provoca dicha situación” ó que o Alcalde argumenta, sen aportar ningún dato obxectivo de insuficiencia de auga e chegando a declarar que “quen subscribe o presente informe considera que é o Concello o que ten que poñer a disposición da concesionaria a auga suficiente a subministrar e como a concesionaria é coñecedora das necesidades e motivado pola urxencia e ante situacións imprevistas a que solicitou a empresa Trastambre, S.L. o subministro de cisternas de auga, tendo coñecemento o Concello a través da información remitida pola concesionaria, modus operandi realizado nos anos anteriores” e no parágrafo seguinte, “trátase de situacións imprevisibles, polo que non se está en disposición no intre en que se fan as peticións de subministro de auga a través de cisternas de auga, de saber se o importe dos subministros no seu conxunto supera os umbrais do contrato menor, ademais de que non é posible licitar o subministro, xa que o restablecemento dun servizo como abastecemento de auga debe ser inmediato, e cando se resolverse a licitación, esta carecería de operatividade”.

Por un lado dise que este mesmo procedemento foi seguido en ocasións anteriores, e polo outro dise que a situación é imprevisible; logo o informe de Alcaldía afirma “o subministro realizouse polo que esta Alcaldía presta conformidade as citadas facturas” e CONCLÚE “en virtude do anteriormente exposto esta alcaldía considera que as prestacións se realizaron efectivamente, por orde desta administración...” Na exposición afirma que foi a concesionaria a que solicitou o subministro, nas conclusións di que “por orde desta administración”; cabe destacar ademais, que o Alcalde que emite o informe non é o mesmo Alcalde que estaba exercendo no momento en que se realiza ou non, a prestación do servizo que deu lugar ás facturas rexistradas posteriormente, un ano despois; e que dificilmente pode ter coñecemento explícito e real, ou non, das condicións en que se prestou ou non, o servizo se non é por parte das empresas interesadas, a que prestou ou non, o servizo de transporte e subministro de auga e a concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga. Non se aportan datos que avalen esa afirmación. Non consta documento algún que acredite a que a solicitude de subministro se efectuou “por orde desta administración”. Tampouco consta documento, nin dato ou indicio de que na captación fallase o subministro de auga; situación que responsabilizaría ó Concello do pagamento do subministro en cisternas. É o propio Alcalde o que responsabiliza ó Concello (e exime á concesionaria) do pagamento atribuíndo ó Concello o feito que xerou a necesidade (suposta falta de auga na captación) co único argumento sen acreditar de que “ante a situación de seca nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023”; obviando as deficiencias na xestión do recurso por parte da concesionaria que o propio Alcalde reconece no mesmo argumento “derivado tamén dos incrementos de consumos durante o período e o descenso de nivel de reservas de auga para poder realizar o subministro de auga potable”. A concesionaria ten a xestión integral do servizo; é dicir, tamén o control dos consumos. O Alcalde tamén asume responsabilizar ó Concello do subministro por perdas e avarías.

O informe de Alcaldía tampouco aporta evidencia de que o prezo da prestación do servizo que se establece nas facturas a pagar se axuste ó prezo do mercado, só realizando a afirmación “o seu prezo se axusta ao prezo de mercado en base aos informe referido da concesionaria de 20 de xuño de 2024; [...]” neste sentido, compre destacar que o servizo que se factura corresponde ó 2023, e non ao 2024, e que para determinar prezos de mercado debéramos referir, ademais de ó ano correspondente 2023, máxime nun contexto de inflación e continua subida dos prezos de mercado, a unha comparativa dos prezos entre as varias empresas que puideran prestar o servizo facturado (non contratado) no momento.

O informe final de intervención tamén fai constar que “a omisión do trámite de intervención previa de gastos, obrigas ou pagos constitúe, sempre que a conduta sexa culpable, unha infracción administrativa grave en materia de xestión económica orzamentaria que pode levar a esixencia de responsabilidades” o que dá conta das carencias coas que foron tramitadas estas facturas e todo o que a elas se refire, incluídos o recoñecemento extraxudicial de créditos e o suplemento de crédito para facerlle fronte, resoltos neste Pleno.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

PRIMEIRO. En relación ao manifestado, de que por un lado dise que este mesmo procedemento foi seguido en ocasións anteriores, e polo outro dise que a situación é imprevisible; dicir que a concesionaria de xeito verbal e/ou correo electrónico comunicaba a situación ao Concello e esta solicitaba as cisternas de auga con coñecemento previo e consentimento expreso e /ou tácito por parte da administración. En canto a "imprevisible" fai referencia tanto ao volume de auga necesario como as datas concretas naa que resulta necesario dotar de auga mediante cisternas para poder prestar o servizo municipal de abastecemento de auga.

SEGUNDO. Fai mención, a que o alcalde que emite o informe non é o mesmo Alcalde que estaba exercendo no momento en que se realiza ou non, a prestación do servizo que deu lugar ás facturas rexistradas posteriormente, un ano despois; e que dificilmente pode ter coñecemento explícito e real, ou non, das condicións en que se prestou ou non, o servizo se non é por parte das empresas interesadas, a que prestou ou non, o servizo de transporte e subministro de auga e a concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga.

A persoa recorrente, alcalde naquel momento, tivo coñecemento das facturas en 2023, se ben estas non foron presentadas pola empresa a través de factura electrónica de FACE ata o 2024, e en todo caso non adoptou ningún acordo de rexeitamento das citadas facturas nin no ano 2024 nin no ano 2025.

TERCEIRO. En canto que o informe de Alcaldía tampouco aporta evidencia de que o prezo da prestación do servizo que se establece nas facturas a pagar se axuste ó prezo do mercado, debe indicarse que a mesma carece de sustento probatorio e se formula en termos meramente hipotéticos.

En primeiro lugar, debe destacarse que os importes facturados pola empresa Trastambre, S.L., correspondentes ao subministro de auga mediante camiións cisterna, son coincidentes cos importes coñecidos xa no ano 2023, sen que se producise incremento algún no prezo cando as facturas foron formalmente presentadas no ano 2024 a través da plataforma FACE.

En segundo lugar, o recorrente non achega ningún dato, informe técnico nin comparativa de prezos que permita concluír que os importes satisfeitos sexan superiores aos existentes no mercado no momento da prestación, limitándose a afirmar que "debería terse realizado unha comparativa", o que en ningún caso equivale a acreditar unha desviación de prezos ou un prexuízo económico para a Administración.

A adecuación do prezo foi valorada no expediente á vista da información facilitada pola concesionaria do servizo e do carácter excepcional, urxente e imprevisible das prestacións, realizadas co fin de garantir a continuidade dun servizo público esencial como é o abastecemento de auga potable, no que non resultaba viable a tramitación dun procedemento de contratación ordinario.

CUARTO. No escrito fai referencia a que o informe final de intervención tamén fai constar que "a omisión do trámite de intervención previa de gastos, obrigas ou pagos constitúe, sempre que a conduta sexa culpable, unha infracción administrativa grave en materia de xestión económica orzamentaria que pode levar a esixencia de responsabilidades" o que dá conta das carencias coas que foron tramitadas estas facturas e todo o que a elas se refire, incluídos o recoñecemento extraxudicial de créditos e o suplemento de crédito para facerlle fronte, resoltos neste Pleno.

Debe lembrarse que o obxecto do procedemento de convalidación da omisión da función interventora non é a revisión abstracta do mercado nin a determinación do contratista óptimo, senón regularizar contablemente unha prestación efectivamente realizada, evitando o enriquecemento inxusto da Administración e garantindo o pagamento dun servizo indispensable para a poboación.

En ausencia de proba en contrario, e non acreditándose a existencia de sobreprezo nin de dano económico para o Concello, non pode prosperar a alegación formulada neste punto.

CONCLUSIÓNS.

Do referido nas consideracións xurídicas, no presente informe propónse ao órgano competente desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario de 13 de novembro de 2025 de convalidación da omisión interventora.

Este é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado dereito, no obstante órgano competente decidirá o que estime pertinente.

Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe

José Lopez González, secretario-interventor

Dase traslado ao alcalde, Jesús José Reboredo González, do contido do presente informe-proposta.

Ao abeiro do referido informe propoño ao Pleno da Corporación e coa finalidade de cumprir os prazos establecidos no artigo 124 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, propoño ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Roberto Castro Rocamonde contra o acordo plenario de 13 de novembro de 2025 de convalidación da omisión interventora, EXPEDIENTE 2025/X999/000077 relativo á aprobación de facturas de subministro de auga potable ano 2023 ao abeiro do exposto no informe de secretaría-intervención de 12 de xaneiro de 2026.

SEGUNDO. Notificar o acordo que se adopte á persoa interesada xunto cos recursos que procedan.

VOTACIÓNS

Tras o turno de intervencións procédese a votación, resultando aprobada a proposta de desestimación do recurso presentando contra a covalidación da omisión da función interventora, por maioría absoluta por sete votos a favor (5 concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito), unha abstención do Concelleiro do PG e o voto en contra dos tres concelleiros de MVXT; sendo once o número legal de membros da Corporación.

II PARTE DE CONTROL

2 EXPEDIENTE 2026/G006/000002. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 5 DE DECEMBRO DE 2025 E O 11 DE XANEIRO DE 2026. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 5 de decembro de 2025 e o 11 de xaneiro de 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 5 de decembro de 2025 e o 11 de xaneiro de 2026.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000450	EXPEDIENTE 2025/G010/000017. Pleno sesión ordinaria 11 de decembro de 2025. Convocatoria.	437/2025	05-12-2025
2025/G003/000451	EXPEDIENTE 2025/G007/000016. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 9 de decembro de 2025. Convocatoria.	438/2025	05-12-2025
2025/G003/000452	EXPEDIENTE 2024/Q002/000002. Recurso Contencioso Administrativo nº 1 A Coruña - Procedemento ordinario 0000099/2024 fronte a expulsión e celebración plenaria celebrada o 9 de novembro de 2023 interposto por D. Jesús José Reboredo González. Pago costas xudiciais.	439/2025	09-12-2025
2025/G003/000453	EXPEDIENTE 2025/V006/000017. Solicitud de tarxetas de estacionamento e de accesibilidade para persoas con discapacidade.	440/2025	09-12-2025
2025/G003/000454	EXPEDIENTE 2025/Q002/000003. DPA 244/19 Sección Civil e Instrucción do Tribunal de Instancia de Arzúa, contra Explotaciones Gallegas, S.L. Desigación defensa xurídica.	441/2025	09-12-2025
2025/G003/000455	EXPEDIENTE 2023/U022/000005. Ampliación de explotación de vacún de leite coa construción dun silo na parcela con	442/2025	11-12-2025



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

	referencia catastral 15086A093001070000IX e outras (par.: 246, pol.: 2, ZCP Monte San Miguel de Vilar) no lugar de Casal, Vilar. Concesión de modificación de licenza		
2025/G003/000440	EXPEDIENTE 2025/X999/000087. ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDAD (ENS). Adhesión a la Política de firma electrónica y de certificados de la Administración General del Estado.	443/2025	12-12-2025
2025/G003/000441	EXPEDIENTE 2025/X999/000087. ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDAD (ENS). Decreto creación órgano y asignación de funciones de seguridad de la información en el Ayuntamiento de Touro en cumplimiento de Esquema Nacional de Seguridad (ENS).	444/2025	16-12-2025
2025/G003/000456	EXPEDIENTE 2025/X999/000095. Nóminas extras decembro 2025.	445/2025	16-12-2025
2025/G003/000457	EXPEDIENTE 2025/A006/000011. Prevención de conductas adictivas 2025-2028. Solicitud de subvención.	446/2025	16-12-2025
2025/G003/000458	EXPEDIENTE 2025/G012/000009. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión extraordinaria urxente do 18 de decembro de 2025.	447/2025	17-12-2025
2025/G003/000460	EXPEDIENTE 2025/S010/000005. Solicitud de teleasistencia domiciliaria.	448/2025	17-12-2025
2025/G003/000461	EXPEDIENTE 2025/V006/000018 Solicitud de tarxetas de estacionamento e de accesibilidade para persoas con discapacidade	449/2025	17-12-2025
2025/G003/000459	EXPEDIENTE 2025/G010/000018. Pleno sesión extraordinaria 23 de decembro de 2025. Convocatoria.	450/2025	18-12-2025
2025/G003/000463	EXPEDIENTE 2025/G003/000463. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de decembro 2025)	451/2025	18-12-2025
2025/G003/000462	EXPEDIENTE 2025/G003/000462. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de decembro de 2025	452/2025	18-12-2025
2025/G003/000464	EXPEDIENTE 2025/G007/000017. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 23 de decembro de 2025. Convocatoria.	453/2025	22-12-2025
2025/G003/000466	EXPEDIENTE 2025/T002/000023. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. INVESTIMENTOS POS ADICIONAL 2/2025.	454/2025	23-12-2025
2025/G003/000465	EXPEDIENTE 2025/G003/000465. Pago taxas por autorizacións de obras ou traballos no dominio público hidráulico e na súa zona de policía de leitos das obras Mellora pista Andeade-Santaia e Rehabilitación de escola infantil para vivenda social	455/2025	23-12-2025
2025/G003/000467	EXPEDIENTE 2025/X999/000098. Aprobación nóminas decembro 2025	456/2025	23-12-2025
2025/G003/000468	EXPEDIENTE 2025/A008/000043. Resolución sobre a non división en lotes dos investimentos propostos para súa inclusión no Plan único de concellos POS ADICIONAL 4/2025.	457/2025	26-12-2025
2025/G003/000469	EXPEDIENTE 2025/T002/000024. Modificación orzamentaria. Transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto.	458/2025	26-12-2025
2025/G003/000471	EXPEDIENTE 2025/A008/000058. Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). Solicitud de subvención	459/2025	26-12-2025
2025/G003/000470	EXPEDIENTE 2025/S001/000005. Solicitud do Programa Xantar na Casa	460/2025	26-12-2025
2025/G003/000473	EXPEDIENTE 2025/G007/000018. Xunta de Goberno Local. Sesión extraordinaria do 30 de decembro de 2025. Convocatoria.	461/2025	29-12-2025
2025/G003/000474	EXPEDIENTE 2025/T004/000001. Prórroga do ozamento de 2022 para o exercicio de 2026.	462/2025	30-12-2025
2025/G003/000472	EXPEDIENTE 2025/G003/000472. Dietas por asistencia ás sesións dos órganos Colexiados	463/2025	30-12-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

	municipais durante o cuarto trimestre de 2025.		
2026/G003/000001	EXPEDIENTE 2025/C004/000003. Contratación do servizo de redacción de proxectos, direccións de obra, e coordinación de seguridade e saúde. Resolución contrato mutuo acordo,	1/2026	02-01-2026
2026/G003/000003	EXPEDIENTE 2026/S002/000001. Modificación Servicio Axuda no Fogar dependencia.	2/2026	02-01-2026
2026/G003/000002	EXPEDIENTE 2026/S002/000001. Baixa Servicio Axuda no Fogar dependencia.	3/2026	02-01-2026
2026/G003/000004	EXPEDIENTE 2026/V006/000001. Solicitude emisión tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	4/2026	08-01-2026
2026/G003/000008	EXPEDIENTE 2026/G003/000008. Alta recibos da taxa por recollida de lixo dos exercicios 2021, 2022, 2023 e 2025 por novo titular	5/2026	08-01-2026
2026/G003/000007	EXPEDIENTE 2026/G003/000005. Anulación recibos da taxa por recollida de lixo dos exercicios 2021, 2022, 2023 e 2025 número fixo: 253000555195	6/2026	08-01-2026
2026/G003/000005	EXPEDIENTE 2026/G003/000005. Anulación recibos taxa lixo anualidades 2023, 2024 e 2025 a nome de Herdeiros de Francisco Segade Blanco	7/2026	08-01-2026
2026/G003/000006	EXPEDIENTE 2026/G003/000006. Alta recibos da taxa por recollida de lixo dos exercicios 2023, 2024 e 2025 por novo titular.	8/2026	08-01-2026
2026/G003/000010	EXPEDIENTE 2026/G003/000010. Liquidación copago usuarios SAF decembro	9/2026	09-01-2026
2026/G003/000009	EXPEDIENTE: 2026/G003/000009. Pago taxas por autorización de obras ou traballos no dominio público hidráulico e na súa zona de policía de leitos, procedemento AU113A, da obra "Proxecto de execución do parque infantil, agility e bikepark".	10/2026	09-01-2026

O Pleno dase por enterado.

3 MOCIÓNS.

3.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS QUE ALEGUEN AO REQUIRIMENTO DE PERSOA INTERESADA NO EXPEDIENTE DO PROXECTO DE COBRE SAN RAFAEL.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

Durante o proceso de exposición pública do proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. (rematado o 31/XII/2024) presentáronde miles de alegacións a dito proxecto.

En moitas desas alegacións a persoa que as presentaba solícitaba, entre outras, que se lle recoñecera a condición de persoa interesada no procedemento.

Neste momento esas persoas están sendo notificadas por correo postal para requirirille por parte da xefatura provincial de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Coruña, que acrediten a súa condición de persoa interesada en dito expediente.

Todas as persoas que se ratifiquen na súa solicitude inicial e así o desexen, deberán alegar esta condición e contestar a dito requeremento en tempo e forma e por tal motivo e polo que solicitamos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O concello de Touro poñerá a disposición de todos os veciños e veciñas que así o desexen, toda a información necesaria e modelos de alegacións para que estes poidan usar nas súas contestación ao requeremento de acreditar a condición de persoa interesada no expediente do proxecto de Cobre San Rafael.

2. Ao mesmo tempo, dará a coñecer mediante un bando e a través das súas redes sociais a existencia deste servizo e dos modelos á súa disposición.

VOTACIÓNS

Tras a quenda de intervencións procedeu-se á votación da Moción, resultando aprobada por maioría absoluta por dez votos a favor (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de Movemento Veciñal, o



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito), e unha abstención do Concelleiro do PG; sendo once o número legal de membros da Corporación.

Por urxencia, ratificada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación procedeuse á inclusión na orde do día do seguinte punto.

3.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓN DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

Desde o día 29 de decembro de 2025, o sector agrogandeiro galego está a mobilizarse na demanda de reivindicacións xustas e, sobre todo, a favor da pervivencia do noso medio rural. A principal razón, aínda que non a única, destas mobilizacións son o rexeitamento ao acordo UE-MERCOSUR

O pasado 6 de decembro de 2025 asinábase o acordo entre o MERCOSUR e a Unión Europea. Tal e como xa tiña denunciado o BNG, este acordo está a causar unha fonda preocupación no sector agrogandeiro galego polas graves repercusións que vai ter a entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur, especialmente no sector avícola e no da carne de vacún.

O acordo permitirá a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado. Cómpre destacar que os cultivos e a cría de gando nestes países se realizan en condicións moi diferentes as da UE, xa que se permiten prácticas —uso de praguicidas, antibióticos, pensos, etc.— que non cumpren os mesmos estándares que na Unión Europea e cuxos controis en orixe non son equivalentes.

A isto hai que engadir que, en moitos casos, as condicións laborais da man de obra empregada non garanten salarios nin condicións dignas. Trátase de prácticas completamente contrarias á descarbonización, á recuperación da biodiversidade natural, á soberanía alimentar e ao consumo de produtos de proximidade.

Segundo as cifras publicadas, este acordo suporá a entrada anual na UE dun volume de carne de vacún similar á produción anual de Galiza, sen aranceis e o que é mais grave, sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis á gandería galega. No caso do mel, supón case o dobre da produción total de todo o Estado español, que se sitúa nas 27.400 toneladas anuais.

As persoas que se están a mobilizar na defensa do sector agrario non queren “falsas promesas”, nin “solidariedade institucional”. Precisan accións políticas decididas. É hora dun cambio nas políticas agrarias e da posta en marcha de medidas para revertir a actual tendencia de desmantelamento dos sectores produtivos galegos e en concreto do sector agrogandeiro principal actividade económica do noso concello.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións do seguinte

ACORDO:

- 1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado español a oporse ao acordo MERCOSUR-UE polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego e transmitir esta posición ao Congreso dos Deputados, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.*

VOTACIÓNS

Tras a qunda de intervencións procedeuse á votación da Moción, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

4 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro realiza os seguintes rogos:

1. Temos coñecemento vía dación de conta de decretos da solicitude de persoamento nas dilixencias previas do procedemento abreviado 244/2019 do Xulgado de Arzúa relativo a cuestións por contaminación derivadas da mina, este procedemento leva máis de cinco anos en instrución, fai 11 meses que a Fiscalía que é quen exerce a acusación solicitou ao Xulgado o peche de instrución e apertura de xuízo oral, polo que entendemos que o persoamento agora por parte do Concello na cal pide formular acusación, o que si lonxe de aportar nada a favor da acusación e defensa do ben público e o que vai é a atrasar enormemente a dilixencia, polo que rogamos que se desista do persoamento neste procedemento, entendemos que hai elementos e feitos nos cales se pode exercer denuncia e acusación de feitos que están sen denunciar e non arrimarse a estes procedementos que evidentemente están na fase final de instrución e sería ir en contra do propio criterio da Fiscalía que é quen está exercendo a acusación.

Intervén o Concelleiro non adscrito, concelleiro delegado de Medio Ambiente di que o criterio da Fiscalía non é que non se persoe o Concello, e di que xa está persoado, di que o Gabinete autorizado polo Concello é o de Pérez Lema, e o Concello non vai facer o que vostede diga, vai defender o interese xeral, se hai que iniciar novas causas farase, vostede fala dalgunhas, non sei se vostede dende o Concello presentou algunha denuncia pola contaminación da mina, e se o fixo remítamo por correo e non teño problema en continuo de haber argumento xurídico.

O Voceiro de Movemento Veciñal, di que puntualizando sobre este asunto hai que diferenciar presentar un escrito de persoamento e estar persoado, o que fixo o Concello é presentar escrito de persoamento, logo ser parte é outra cousa.

O Concelleiro non adscrito, Darío Rey di que o que lle traslada a procuradora que leva o caso é que o Concello está persoado e adiántalle que o Concello non vai dilatar o procedemento o que si agora ten coñecemento de todoss informes que hai aí e aportará o que considere oportuno.

2. O Concello acolleuse a unha subvención do Programa de garantía xuvenil da Xunta de Galicia para a contratación dun peón forestal, subvención por importe de 16.380 euros, a persoa contratada consta para actividades de poda, limpeza de áreas recreativas, de rutas de sendeirismo; entendemos que é bastante normal e por necesidades do servizo puntualmente poida exercer funcións á marxe do seu posto e traballo, agora ben neste caso é patente que as funcións que está a desenvolver están á marxe do seu posto de traballo e das funcións que constan na subvención, polo que pido que se corrixa esa situación antes de entra nun fraude de subvención de quen asinará esa memoria xustificativa dos traballos e do cumprimento da finalidade da subvención, e tamén eviten entrar nun fraude na contratación laboral, xa que deberían saber que os contratos temporais por necesidades de produción están limitados a un período de seis meses, este contrato é de nove meses porque está acollido a esa subvención, polo que rogo que corrixa esa situación.

3. Cando estabamos no goberno foi aprobada unha subvención por parte de Augas de Galicia para executar un fosa séptica para a depuración das augas residuais no lugar da Quintá en Quión, esa obra foille adxudicada á empresa Hermanos Couto Fandiño por un importe arredor de quince mil euros, a finais de setembro cun prazo de execución de vinte e un días; non se executou, perdeuse a subvención. A pregunta é se se resolveu o contrato ou se iniciou expediente de penalidades contra empresa polo importe da subvención, polo importe do prexuízo causado ao Concello neste caso.

O sr. alcalde di que respecto do segundo rogo, do contrato de garantía xuvenil temos claro que a persoa vai a cumprir coas funcións para as que se contratou, independentemente de que por circunstancias extraordinarias que por falla de persoal colabore noutras actividades, como debe saber o gran responsable da falla de persoal é vostede, exemplos auxiliar recollida de lixo leva de baixa dende o mes de marzo, inexplicablemente non se tentou contratar un substituto, terá vostede que explicar porque, e non teríamos o problema de que esta persoas teña que facer estas funcións ocasionalmente, prazas vacantes de ADL, de auxiliar de administrativo, porque convocou a praza vacante de operario de servizos múltiples se paralizou máis dun ano e se cadra se estivese cuberta no teríamos estes problemas, estamos tamén con iso, os únicos responsables da situación de persoal en precario son vostedes, poderíamos facer como vostede externalizar os servizos como fixo vostede pola falla de persoal de prazas existentes que vostede non quixo cubrir. Temos solicitado a través do PEL unha cuadrilla de oito traballadores nove meses, ata que nos autorice Deputación a contratar non



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

imos dispor desa xente, esa é razón pola que a este traballador se lle encargan funcións que non son as propias da súa praza e tentáremolo remediar canto antes.

O Sr. alcalde di que respecto da pregunta da subvención de Augas de Galicia, unha das primeiras que me comentou o sr. secretario foi dicirlle o que estaba pendente entre elas esta licitación a que non se ía presentar ninguén, como tiña unha subvención pareceunos procedente xestionar con Hermanos Couto Fandiño e Espina y Delfín se algún deles se presentaban para non perder a subvención, ambas informaron da dificultade de conseguir o equipo que había que instalar, postos en contacto con redactor da memoria técnica díxonos que si se podía conseguir o equipo no mercado dentro do prazo, neste caso Couto Fandiño presentou a oferta, pero o problema é que non hai o equipo, pero ímolo levar a cabo e non abriremos expediente de penalidades porque neste caso penso que a empresa nos fixo un favor porque ía quedar deserto e so faltaría que agora se lle penalizase, aproveito tamén para dicirlle que os terreos nos que se propoñía instalar esta fosa e na de Abelenda tamén, imos tentar que se nos ceda unha porción de terreo maior porque sabemos as consecuencias dos vertidos que van ir as parcelas das persoas que nos cederon os terreos polo que tentaremos xestionar a cesión dunha maior cantidade de terreo, de xeito que eses equipamento sexan viables. Vaise instalar a fosa séptica na Quintá, cando estea dispoñible no mercado e previamente faremos a dispoñibilidade deses terreos.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao formula unha pregunta sobre a pista de pádel, cal é a previsión de apertura.

O sr. alcalde di que non lle gusta estar no goberno municipal co retrovisor sempre posto, e especialmente o goberno anterior facer un exercicio de autocritica sobre este proxecto, que non leva iluminación, cerramentos na parte alta. Estamos xestionado unha instalación de apertura automática, as lonas para tapar o lateral sur e oeste e a instalación da iluminación. Non me comprometo a que estea a final de mes como nos gustaría, pero tan pronto estea todo instalado procederase á apertura.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao formula dous rogos.

1. Se retire un pino que hai sobre a pista polideportiva da Muíña.
2. Unha pista que hai en Basede na entrada da zona de abaixo, hai unha zona que apoza auga, polo que sería necesario sanear cun pouco de zahorra.

O sr. alcalde di que tan pronto se poida levaranse a cabo.

*** As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

<https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos>

https://www.youtube.com/watch?v=5x1CzDgF_Ac

*** As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000001 e identificado pola pegada dixital: 92fe732fb0079f6fc8b7b2725c87e52f5eefb834243b00b2415743ca9ef9b8a0**

Minutaxe

00:01:32 Expediente 2025/X999/000077. Aprobación facturas subministro de auga potable ano 2023. Resolución recurso de reposición.

00:33:25 Dación de conta Decretos da Alcaldía ditados entre o 5 de decembro de 2025 e o 11 de xaneiro de 2026.

00:33:42 Moción Grupo Municipal BNG de apoio ás persoas que aleguen ao requirimento de persoa interesada no expediente do proxecto de Cobre San Rafael.

00:39:50 Moción do grupo municipal do BNG de apoio ás reivindicación do sector agrogandeiro galego.

00:44:27 Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.14 horas do 15 de xaneiro de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente